

Concurso #HiloTesis 2021

Co fin de promover a actividade divulgadora entre o estudiantado de doutoramento, o grupo de traballo de “actividades conxuntas” da Rede de Divulgación e Cultura Científica (RedDivulga) de Crue I+D+i propón a convocatoria da “I Edición do Concurso Tu Tesis Doctoral en un Hilo de Twitter: # HiloTesis”. Os participantes deberán divulgar a súa tese doutoral nun fío de non máis de 20 chíos coas limitacións e posibilidades que ofrece a rede social Twitter.

Que é #HiloTesis?

É unha iniciativa da Rede de Divulgación e Cultura Científica (RedDivulga), aprobada polo Comité Executivo de Crue-I+D+i, que busca promover o desenvolvemento de habilidades de comunicación e divulgación científica de futuros ou recentes doutores.

O obxectivo é que aqueles estudantes de doutoramento tanto se finalizaron a súa tese doutoral nos últimos 6 meses coma se a están a desenvolver, poidan contarlle á sociedade o que fan, como o fan e por que o fan. Para iso, propónse a elaboración dun fío en Twitter para aproveitar esta rede social e as súas posibilidades como canle de comunicación, adaptando o contido da tese a unha linguaxe sinxela, accesible e atractiva.

Requisitos das persoas participantes

Poderá participar todo o estudiantado de doutoramento das universidades españolas asociadas á Crue, que convoquen o presente concurso e o comuniquen en prazo a través do formulario anterior, que ao menos superaran satisfactoriamente unha avaliación do Documento de actividades e Plan de investigación (RAPI) ou que defenderan a súa tese de doutoramento nun prazo máximo de seis meses anterior á data de inicio do concurso. As solicitudes daqueles participantes que non cumpran con esta condición serán desestimadas.

As candidaturas deberán contar co visto e prace da persoa que dirixa a tese e garantir que a información proporcionada, inserida no fío, ligada etc. é susceptible de difusión pública. Se as investigacións estivesen vinculadas a algún acordo de confidencialidade, os estudantes deberán contrastar coas partes implicadas os contidos utilizados no concurso. Nin as universidades participantes nin Crue se responsabilizarán das infraccións que puideren derivarse do devandito incumprimento.

Premios

O concurso contará con tres premiados que serán, obrigatoriamente, de tres universidades diferentes. Cada universidade entregará o premio (unha tablet) só en caso de que un/ha dos seus estudantes resulte gañador/a.

Organización

O concurso desenvolverase entre os días 1 ao 23 de abril, ambos incluídos. Non se terán en conta fíos publicados fóra deste período.

Os estudantes deberán, unha vez publicado o fío, inscribirse e facilitar a ligazón ao seu fío a través do seguinte formulario: <http://bit.ly/HiloTesis2021>.

Non se terán en conta fíos non enviados correctamente a través do devandito formulario.

O primeiro chío do fío deberá citar a @RedDivulga, a súa universidade e, no seu caso, a súa unidade de divulgación e rematar cun “Abro #HiloTesis”

Cronograma

- Das 00:00 do 1 de abril ata as 23:59 do día 23 de abril de 2021: publicación e envío dos fíos por parte dos doutorandos.
- 26 de abril de 2021: envío da listaxe dos fíos ao contacto/coordinación de cada universidade.
- 7 de maio de 2021: envío dos tres fíos elixidos por cada universidade participante para a fase nacional e envío ao xurado. Aquelas universidades que, cumprido este prazo, non envíe os fíos seleccionados renunciarán á súa participación na fase nacional.
- Do 21 ao 28 de maio: resolución do xurado e información ás universidades e participantes gañadores.

Reglas e instrucións

As persoas participantes deberán cumprir as seguintes regras e instrucións:

1. Dispor dunha conta en Twitter.
2. Só se terá en conta un fío por participante que non superase os 20 chíos. Non se contarán as posibles respostas doutros usuarios.
3. Poderán utilizar toda clase de elementos que enriquezan a presentación do seu traballo, o ilustren ou, simplemente, axuden a captar a atención de quen le ou o fagan máis atractivo (ligazóns, emoticonas, vídeos, imaxes, GIF animados etc.).
4. Calquera dato ou información proporcionados polos concursantes debe ser susceptible de difusión pública.
5. A decisión do xurado será definitiva e inapelable.
6. O fío deberá publicarse entre as 0:00 horas do 1 de abril e as 23:59 do día 23 de abril.
7. Unha vez publicado o fío, deberá cubriuse o seguinte formulario para poder ser considerado no concurso <http://bit.ly/HiloTesis2021> dentro do prazo de desenvolvemento do concurso ata as 23:59 horas do 23 de abril de 2021.
8. O fío poderá escribirse tanto en galego como en castelán, coa consideración de que na fase nacional se é preciso o/a participante comprometese á súa tradución.

Xurado e criterios de valoración

Logo de recibir os chíos das persoas participantes a través do formulario, a organización do concurso remitiraos á persoa de contacto de cada universidade.

Cada universidade participante elixirá, nun prazo de 15 días, tres fíos que serán avaliados polo xurado nacional proposto por RedDivulga. Este xurado estará integrado por ao menos cinco membros dos que un será unha persoa experta en comunicación. A resolución producirase do 21 ao 28 de maio de 2021.

Os criterios de valoración serán comúns a todas as ramas de coñecemento:

1. Expresión e contido (máximo 5 puntos): uso dunha linguaxe sinxela (evitando tecnicismos e xerga científica) e divulgativa que permita a comprensión do contexto, do tema de investigación e a súa importancia por parte dun público non especializado. Describir a metodoloxía, os resultados máis relevantes e as conclusións utilizando unha estrutura lóxica e atractiva. Evitar ligazóns a revistas ou contidos especializados. Non trivializar o contido da investigación; débese ser divulgador, próximo pero rigoroso.
2. Creatividade (máximo de 5 puntos): uso adecuado e atractivo de elementos que enriquezan o contido como emoticonas, imaxes, ligazóns, vídeos ou GIF animados. Presentación que consiga que o público desexa coñecer máis.

A selección na Universidade da Coruña realizarase baixo estes mesmos criterios a través da seguinte comisión avaliadora:

- Vicerreitora de Igualdade, Cultura e Deporte ou persoa en quen delegue.
- Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia ou persoa en quen delegue.
- Vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente ou persoa en quen delegue.
- Xefa do Gabinete de Comunicación.
- Coordinadora da Unidade de Divulgación Científica e Cultural.

Consideración final

O incumprimento das bases da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou manipulación, poderá ser causa de desestimación e, no seu caso, de devolución do posible premio percibido.

Preguntas frecuentes e recomendacións

Podo enviar máis dun fío?

Non. Só se considerará un único fío por participante.

Distínguense ramas de coñecemento?

Non. O obxectivo do concurso é o de promover a comunicación divulgativa da ciencia, polo que a rama de coñecemento ou a relevancia dos resultados ou de posibles publicacións derivadas non serán considerados.

Podo participar se defendo a miña tese antes da data do concurso?

Si, sempre que fose nos seis meses anteriores ao inicio do concurso.

Pódense incluír elementos “decorativos” como emoticonas, GIF etc. no fío?

Si, pero ten en conta que deben enriquecer a comunicación e facela máis atractiva.

Pódense citar ou ligar publicacións derivadas do traballo ou que contextualicen o traballo?


Preferiblemente non. O público destinatario dos chíos será público non especializado polo que se debe adaptar ben o uso de ligazóns a materiais especializados como artigos científicos, presentacións en congresos científicos etc. Ademais, a relevancia dos

resultados ou de posibles publicacións derivadas non serán considerados. Debes resumir a túa tese en 20 chíos para que poida ser entendida por calquera persoa sen formación científica.


Como se fai un fío en Twitter?

Se nunca publicaches un fío en Twitter, a seguir explicámosche como facelo a través da versión web da rede social.

Na seguinte imaxe móstrase a ventá de publicación dun chío cando prememos sobre o botón de “Chío” desde a páxina principal de Twitter.



Na parte inferior dereita atoparás o botón “+” mediante o cal poderás encadear chíos sen necesidade de publicalos ata o final. Deste xeito, poderás ir escribindo cada chío por separado (agregando ligazóns, imaxes etc.) e publicalos todos ao final a través do botón “Chiar todo” como se mostra na imaxe seguinte.



Recomendámosche que estruturas o teu fío previamente. Que penses no contido dos chíos, nos recursos que agregarás e a historia que contarás en non máis de 240 caracteres por chío. Pensa en mensaxes breves, que poidan lerse independentemente, que sexan divulgativas, que esperten interese, sentimentos... En definitiva, que capten a atención de quen está a ler.